**EL PROGRESO**

# A Mariña

www.elprogreso.es

**BURELA:**
DIRECCIÓN Curros Enríquez, 2-4, Edificio O Pazo
TELÉFONOS 982 585 911 / 982 586 045
FAX 982 585 956
E-MAIL burela@elprogreso.es
DPTO. COMERCIAL 982 586 033

**Delegación VIVEIRO:**
DIRECCIÓN Benito Galcerán, 22-24, entlo. E
TELÉFONO 982 551 752
FAX 982 550 598
**Delegación RIBADEO:**
DIRECCIÓN Doutor Moreda, 8-10, 1º
TELÉFONOS 982 130 990 / 982 131 006

## AL DESCUBIERTO

**PABLO VILLAPOL**



**IVÁN R. LOMBARDERO** ACTIVISTA NA LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

▶ Empezou a dar algunhas charlas nas que fala do movemento mundial 'Extinction Rebelion', aínda que el xa leva anos convencido do problema que temos e que, di, non estamos sabendo afrontar.

# «Son pesimista, non imos poder frear o cambio climático»

**A IVÁN RODRÍGUEZ** Lombardero non lle doen prendas en recoñecer a importancia do fenómeno Greta Thunberg porque di que grazas a ela se están poñendo sobre a mesa algúns problemas que levan anos aí sen que se lles faga moito caso. Dá por feito o cambio climático e di que a cornixa cantábrica podería ser unha especie de illa, menos afectada «ou mesmo afectada para, digamos, 'ben'».

**Como estamos na comarca a nivel de concienciación ambiental?**

Hai moi pouca iniciativa. Sempre que hai unha recollida de lixo ou algo eu vou, digo que habería que facer unha asociación, pero a xente non se anima.

**Acaban de saír informes que falan do mal que lle vai ó Mediterráneo. Como será a cousa por aquí?**

Aquí, polo de agora, o cambio percíbese, digamos, para 'ben'. Un compañeiro da universidade di que o cambio no clima será de xeito que Andalucía será como África, Castela A Mancha como Andalucía, Castela León como a Mancha e o interior de Galicia como Castela León. Aquí quedaría unha franxa cunha suba de dous graos de temperatura e a salvo da seca total.

**Iso como se reflexará?**

Xa veremos. Vai ser interesante mesmo a nivel organizativo, a ver en que nos queremos convertir: un modelo sostible ou repetir os erros do Mediterráneo, recalificándoo todo e recollendo beneficios.

**É positivo o fenómeno Greta Thunberg?**

Moi positivo, porque estamos falando desto. Sen ela ó millor non se facía esta entrevista. É curioso, porque ela non di nada novo, pero escóitana. Xa o di ela, que só traslada informes que levan anos aí, e é certo, pero non se escoita ós



Iván Rodríguez Lombardero, en Ribadeo. JOSÉ Mª ÁLVEZ

científicos, ela si pode transmitir esa información.

**Non é a única posibilidade de revertir o fenómeno do cambio climático un cambio a nivel individual como consumidores?**

Bueno, claro, pero é que esa é unha rebelión social moi complicada. Consumir de súpeto de forma consciente non é sinxelo, porque implica que toda a xente ten que ir contra o sistema. Tomar actos individuais é necesario, por suposto, pero de ningún modo pode facer que as Administracións non cumpran coa súa parte de responsabilidade nesto, que é enorme, e non se está facendo nada de nada. Ó igual que a xente, o propio sistema ten que intentar o cambio. O outro día mentras Pedro Sánchez falaba de reducir os gases de efecto invernadoiro a súa ministra de Transición Ecolóxico dicía algo moi lóxico: non se pode medrar infinitamente nun planeta finito, e é certo.

**Fala de administracións cercanas, coma o Goberno español.**

Claro, porque é moi sinxelo apuntar a China, ou mirar se Trump asina ou deixa de asinar un acordo, pero teremos que ter feitos nós os deberes tamén, porque aquí non se está facendo nada. Non hai unha educación ambiental nos colexios, nin un programa serio de aforro enerxético. Mesmo en Ribadeo, sen ir máix lonxe, na factura da auga aparece un concepto de consumo mínimo de 20 metros cúbicos.

**E botando unha ollada cara o futuro, é vostede dos optimistas ou dos pesimistas?**

Eu son pesimista, pola escasa capacidade que temos de tomar as decisións necesarias a tempo. Non imos ser capaces de facelo. O cambio climático que se vai producir vai traer moito sufrimento, pero tamén as medidas necesarias para amoldarse e tomalas antes de que aconteza... Creo que non imos ser capaces. Aquí, en España, penso que pode dar unha paradoxa, porque pode pasar que as enormes secas en África acaben por xerar un movemento migratorio que solventen o noso problema coa caída da poboación. bendito problema.

**E chegados a ese punto, cando sexa que se produza, como quedará Galicia?**

Agora mesmo un 80% dos científicos están na posición da suba de catro graos de temperatura e xa case non queda ningún negacionista, ou son residuais. Aquí imos ter problemas cos aproveitamentos. Por exemplo das terras, dos cultivos, dos pastos... Todo iso vai precisar un cambio de modelo que mesmo pola nosa mentalidade vai ser complicado. Por exemplo: temos que deixar de producir leite con gasoil como combustible, en produtos derivados... e iso vai ser toda unha revolución.